



CONVENIO ENTRE O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA, A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E A FEDERACIÓN GALEGA DE XOVES EMPRESARIOS, PARA O DESENVOLVEMENTO DO GLOBAL ENTREPRENEURSHIP MONITOR (PROXECTO GEM) EN ESPAÑA A NIVEL REXIONAL

REUNIDOS

Dunha parte D. **Juan Manuel Cividanes Roger**, en nome e representación do **Instituto Galego de Promoción Económica**, en diante **Igape**, con CIF Q-6550010-J, e con domicilio social en Edificio Igape, Complexo Administrativo San Lázaro, s/n. 15707 Santiago de Compostela, na súa calidade de director xeral. Está facultado para este acto en virtude da delegación de facultades do 23 de decembro de 2016 do presidente do Igape feita pública mediante Resolución do 25 de xaneiro de 2017 (DOG nº 23, do 2 de febreiro de 2017).

Doutra, D. **Antonio López Díaz**, Reitor Magnífico da **Universidade de Santiago de Compostela**, en diante **USC**, que actúa en nome e representación dela en virtude do Decreto 57/2018, do 31 de maio (DOG do 5 de xuño), de seu nomeamento, e polas facultades conferidas pola Lei Orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, modificada pola Lei Orgánica 4/2007, do 12 de abril e o Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro, polo que se aproban os estatutos da Universidade de Santiago de Compostela.

E doutra parte, Don **Luciano Covelo Fandiño**, na súa calidade de presidente da Federación Galega de Xoves Empresarios, en diante **FEGAXE**, con domicilio social en Rosalía de Castro 1, 15706 da cidade de Santiago de Compostela e CIF G-27390566, con facultades para o outorgamento do presente documento en virtude dos artigos 18 e 20 dos vixentes estatutos de FEGAXE.

MANIFESTAN

1º.- Que o Igape é a Axencia de desenvolvemento rexional de Galicia. Como ente de dereito público con personalidade xurídica e patrimonio propios, entre os seus principais obxectivos están os de fomentar a creación de novas empresas, promover a mellora da produtividade e competitividade das sociedades xa asentadas na Comunidade Autónoma, atraer investimentos foráneos e facilitar a internacionalización do tecido produtivo. Igualmente entre os seus obxectivos están o de facilitar ás empresas servizos de asesoramento, planificación, xestión, financiamento, formación, localización, seguimento e, en xeral, calquera outro que poida contribuír á súa creación e desenvolvemento. A Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, na disposición adicional segunda, establece que o Igape terá a consideración de entidade instrumental do sector público autonómico con competencias en materia de emprendemento.

2º.- Que a USC é unha entidade que desenvolve actividades de investigación, formación e desenvolvemento científico e tecnolóxico e posúe experiencia probada no desenrolo de estudos no ámbito do emprendemento e a transferencia de tecnoloxía entre os grupos de investigación e o sector produtivo, por iso o Igape está interesado en contratar o seus servizos, ao amparo do artigo 83 da Lei orgánica de universidades (Lei 6/2001, do 21 de decembro, modificada pola Lei 4/2007, do 12 de abril) e resto de lexislación aplicable.

3º.- Que a FEGAXE é unha entidade sen ánimo de lucro e de carácter multisectorial, constituída en data 28 de novembro de 2008 e inscrita ante o Servizo de Relacións Laborais, da Dirección Xeral do mesmo nome dependente da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, con número de depósito 72-1051-2009. Ten entre os seus obxectivos, dentro do seu ámbito autonómico de actuación: promover vocacións empresariais entre os mozos galegos, fomentar o autoemprego e a creación de empresas, atender as necesidades de información, formación, asesoramento e perfeccionamento dos seus membros, actuar en apoio da empresa e aumentar a colaboración e desenvolvemento de sinerxías para potenciar ás empresas socias das distintas asociacións membro. Integra ao colectivo de empresarios menores de 40 anos da Comunidade Autónoma de Galicia, de todos os sectores de actividade, converténdoa nun interlocutor privilexiado cos mozos empresarios e emprendedores.



4º.- Que o Proxecto GEM é un programa mundial de investigación, difusión e compromiso académico, que se reflicte nun programa sistemático de recopilación, preparación de informes e coleccións de datos, así como na creación de varias actividades deseñadas para beneficio e axuda de investigadores e responsables de políticas e programas públicos no campo da creación de empresas. Este proxecto foi posto en marcha a nivel mundial pola London Business School e o Babson College, e réxese por ciclos anuais cun estrito calendario que vén determinado polos órganos do GEM Consortium. O elemento clave que caracteriza e diferenza ao Proxecto GEM doutras fontes de información sobre o fenómeno emprendedor ou a creación de empresas, é a utilización dunha metodoloxía de investigación propia e común en todos os países e rexións participantes, o que lle permite proporcionar información comparable entre territorios. A clave desta metodoloxía é a homoxeneidade das ferramentas empregadas para recoller a información, e o feito de traballar como fonte independente complementada polas fontes xa existentes sobre indicadores socioeconómicos.

5º.- Que as partes están interesados en consolidar as bases para a creación dunha rede conxunta de investigación que permita a realización de estudos rexionais para Galicia no contorno GEM.

6º.- Que o fomento e desenvolvemento da investigación no campo da creación de empresas resulta unha actuación de interese público, social e económico, o que deriva na necesidade de manter e actualizar os termos do convenio por parte de IGAPE, USC e FEGAXE, tanto desde o punto de vista material como económico.

7º.- Que conforme aos seus fins e obxecto social, IGAPE, USC e FEGAXE acordan subscribir o presente convenio para o desenvolvemento do proxecto GEM a nivel rexional, que se rexerá polas seguintes:

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA.- Obxecto

Constitúe o obxecto xeral do presente convenio entre IGAPE, USC e FEGAXE a colaboración para a realización e execución dos traballos do Proxecto GEM en España a nivel rexional, concretamente en Galicia, durante o ano 2020. Estes traballos son:

- Redacción, edición, presentación pública e difusión do informe rexional edición 2019
- Enquisa poboación adulta APS durante ano 2020.
- Entrevista a expertos NES durante ano 2020.

SEGUNDA.- Imposibilidade de promover a concorrência

Motívase a utilización da figura do convenio, e as razóns que impidan a concorrência da oferta e exclúen a celebración dun contrato administrativo, posto que a nivel nacional, lidera o proxecto GEM o Centro Internacional Santander Emprendimiento (en diante CISE) sobre a base dunha Rede Española de Equipos Rexionais GEM e co apoio de institucións, empresas e organizacións; o proxecto segue os principios de GEM, enfocado na figura das persoas emprendedoras e no proceso emprendedor.

O equipo GEM Galicia xorde no ano 2005 froito da colaboración de tres institucións: a Confederación de Empresarios de Galicia (CEG), que exerceu a Dirección do GEM Galicia ata o ano 2016, a Universidade de Santiago de Compostela, que exerce a Dirección Técnica do estudo dende a edición 2010, e a Xunta de Galicia a través do Instituto Galego de Promoción Económica.

Para a presente edición da elaboración do Informe GEM Galicia 2019 a USC mantén o seu papel de Dirección Técnica e asume ademais a Dirección do Equipo GEM Galicia. FEGAXE actúa no presente convenio como representante do sector empresarial, papel que viña asumindo a CEG, e formando parte do Equipo GEM Galicia.



TERCEIRA.- Obrigas das partes

Un.- Compromisos e obrigas do Igape

1. O Igape participará na redacción, edición e actos de presentación pública do Informe GEM rexional.
2. Para executar a parte técnica de redacción do Informe GEM Galicia 2019, o Igape colaborará en todas as actuacións correspondentes, así como na selección dos posibles colaboradores, en particular daqueles traballos que requiran a colaboración dalgún dos grupos de investigación ou profesionais pertencentes a calquera das universidades galegas.
3. O Igape achegará a cantidade máxima de 31.600 euros, que destinará a sufragar os gastos relativos a:
 - 1.1. Realización da enquisa á poboación adulta APS correspondente a 2020 por Opinómetro, única empresa que realiza a enquisa; está designada pola Red Española de Equipos Regionales GEM. Orzamento máximo: 16.600 €.
 - 1.2. Tarefas de análise dos datos, redacción do informe, publicación, difusión e presentación pública do informe rexional GEM 2019, incluídos todos os gastos derivados dos desprazamentos ás reunións convocadas por Red Española de Equipos Regionales GEM (desprazamento, dietas e aloxamentos), incluídos servizos xerais /custos indirectos. Orzamento máximo: 11.000€.
 - 1.3. Tarefas de maquetación, edición e impresión do Informe rexional GEM 2019 ou produtos derivados. Orzamento máximo: 4.000€.
4. O Igape manterá informadas ás outras partes, ao longo de todo o desenvolvemento do proxecto, das xestións que realice en base ao mesmo e consensuará con elas previamente as decisións importantes que afecten ao desenvolvemento do proxecto.
5. O Igape está obrigado a facer figurar o nome e anagrama da USC e da FEGAXE en todas as actuacións que se realicen en cumprimento do presente convenio, así como en todos os medios que se empreguen para anunciar e dar a coñecer estas actuacións.

Dous.- Compromisos e obrigas da USC

1. A USC será a interlocutora ante a Red Española de Equipos Regionales GEM e o CISE, que coordina a xestión administrativa do proxecto a nivel español e a edición do informe nacional. Para iso, será a representante rexional ante a rede e coordinará ante o CISE as tarefas de xestión, difusión e presentación pública do mesmo.
2. A USC coordinará a elaboración do informe rexional, incluíndo o encargo e abono da enquisa á poboación adulta (APS), a realización das entrevistas aos trinta e seis expertos rexionais (NES), a análise estatística dos datos, e a selección do grupo de investigación que executará a parte técnica do Proxecto GEM na Comunidade Autónoma de Galicia. Estes traballos serán realizados polos seus propios medios ou en colaboración con algunha das universidades galegas.
3. A USC responsabilizarase da organización do acto de presentación pública do Informe GEM Galicia e da selección de colaboradores e participantes no mesmo. O acto de presentación celebrarase no lugar indicado polo Igape, preferentemente na Cidade de Cultura de Galicia.
4. A USC manterá informadas ás outras partes ao longo de todo o desenvolvemento do proxecto, das xestións que realice en base ao mesmo e consensuará con elas previamente as decisións importantes que afecten ao desenvolvemento do proxecto. Entre estas decisións, atópase o establecemento do cronograma de execución do proxecto e a concreción de responsabilidades.



5. A USC está obrigada a facer figurar o nome e anagrama do Igape e da Consellería de Economía, Emprego e Industria e da FEGAXE, en todas as actuacións que se realicen en cumprimento do presente convenio, así como en todos os medios que se empreguen para anunciar e dar a coñecer estas actuacións.

Tres.- Compromisos e obrigas da FEGAXE

1. A FEGAXE colaborará en todas as actuacións relacionadas coa elaboración e difusión do Informe rexional GEM. En particular, apoiará á USC na selección de expertos e colaboradores da enquisa NES e na organización do acto de presentación do Informe Rexional GEM, asistindo ás reunións e eventos de difusión-presentación do informe que se organicen.

2. A FEGAXE responsabilizarase da edición do informe, da súa impresión ou dunha versión “executiva” e difusión. Asemade encargarse de darlle difusión vía *streaming* ao acto de presentación do informe, acto para o que asumirá a contratación dun relator recoñecido no ámbito do emprendemento.

3. A FEGAXE manterá informadas ás outras partes, ao longo de todo o desenvolvemento do proxecto, das xestións que realice en base ao mesmo e consensuará con elas previamente as decisións importantes que afecten ao desenvolvemento do proxecto.

4. A FEGAXE está obrigada a facer figurar o nome e anagrama do Igape, da Consellería de Economía, Emprego e Industria e da USC en todas as actuacións que se realicen en cumprimento do presente convenio, así como en todos os medios que se empreguen para anunciar e dar a coñecer estas actuacións.

Catro.- Compromisos e obrigas do equipo rexional

O equipo da Comunidade Autónoma de Galicia está obrigado a cumprir os compromisos e obrigas estipulados no Convenio de adhesión ao Proxecto GEM España:

1. Deberá identificar trinta e seis expertos acorde coa metodoloxía GEM, entrevistalos de acordo ao guión establecido no Proxecto GEM e xerar unha base de datos NES que siga as liñas mestras indicadas na metodoloxía. Esta base de datos será enviada á Dirección Técnica do Proxecto GEM España para a súa canalización nos prazos que se indiquen.

2. Explorará as posibilidades de consecución de datos procedentes de fontes secundarias para complementar a base de datos de comparación rexional.

3. Elaborará un informe independente, “Informe GEM Galicia”, seguindo a liña dos que se presentan no contorno GEM e poderá colaborar na medida do posible na realización do estudo rexional comparativo.

4. Difundirá o informe rexional e tamén o nacional, na súa rexión, a través de todas as canles posibles, aínda que non poderá facelo antes da presentación por CISE do informe nacional e, en todo caso, terá a obriga de difundir o nome e logotipo de CISE como representante do Proxecto GEM en España e do resto de equipos rexionais, así como dos internacionais na medida do posible.

5. Observará os principios de confidencialidade dos datos e informes previstos no ámbito xeral do Proxecto GEM.

6. Participará nas roldas de prensa onde se avancen os resultados tanto parciais como definitivos do estudo. En ambos casos, poderá introducir os seus logotipos, marca, identificación corporativa ou calquera outro signo distintivo en lugares visibles ao público e en elementos tales como paneis de fondo, dossiers de prensa, etc.

7. Deberá figurar no informe rexional, en portada e interiores, os nomes dos equipos investigadores rexionais así como o nome e logotipos da entidade investigadora nacional e todas as institucións rexionais que colaboren e/ou patrocinaran a investigación rexional, respectando a normativa vixente ao respecto.



CUARTA.- Financiamento

1. O orzamento máximo do convenio ascende a 40.512,82 €.
2. O lgape achegará para o financiamento do custo das accións previstas no presente convenio un importe total máximo de (31.600 €) IVE incluído. Esta cantidade será aboada con cargo aos orzamentos do lgape para o ano 2020, nos que existe crédito adecuado e suficiente para financiar ata o 100% esta achega, conforme á partida orzamentaria 09.A1.741A.6402. O anexo I “Memoria Económica” detalla esta contribución.

A achega citada destinarase exclusivamente a cubrir os custos precisos para a execución das actividades necesarias para o cumprimento do convenio, considerándose gastos cubertos polas achegas aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade. Os gastos deberán ser realizados e efectivamente pagados dentro do ámbito temporal do propio convenio e, polo tanto, no que atinxe unicamente a actuacións realizadas a partir da data da sinatura do convenio e ata o 15 de novembro de 2020.

3. A USC cofinanciará as actividades contempladas no presente convenio coa asignación da parte dos custos de estrutura (persoal, materiais, instalacións, equipamento) nos que incorrerá pola realización das obrigas contempladas neste convenio non financiados polo lgape. O importe desta asignación estímase no 12% do orzamento global do convenio (4.861,53 €).

4. Pola súa parte a FEGAXE cofinanciará as actividades contempladas no presente convenio igualmente coa asignación de parte dos custos de estrutura (persoal, materiais, instalacións, equipamento) nos que incorrerá pola realización das obrigas contempladas neste convenio non financiados polo lgape. O importe desta asignación estímase no 10% do orzamento global do convenio (4.051,28 €).

5. Os gastos nos que incorran a USC e FEGAXE serán compatibles con outras achegas públicas ou privadas que puidesen recibir.

6. Para o pagamento das actuacións desenvolvidas pola USC e a FEGAXE, estas entidades deberán presentar unha certificación de gastos antes do 15 de novembro de 2020 na oficina virtual do lgape, na páxina <http://tramita.lgape.es>, en particular a través do código de procedemento P001, achegando as copias dixitalizadas da documentación que se relaciona no punto 8 seguinte.

Non obstante, tras a sinatura do convenio, o lgape poderá aboar, como provisión para gastos, un 70% da súa aportación, sempre que as partes o soliciten expresamente e garantan o importe do pagamento nalguna das formas previstas no art. 108 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

7. A documentación a achegar coa certificación será a seguinte:

- a) Memoria xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, con indicación das actividades realizadas, resultados obtidos e as incidencias máis significativas.

- b) Memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas que conterá:

- 1º Relación clasificada dos gastos atendibles para cada actuación, con identificación do acredor e do documento, concepto, importe, data de emisión e data de pago.
- 2º Xustificación dos gastos atendibles: facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil, ou con eficacia administrativa, incorporados na relación clasificada dos gastos. No caso de que os gastos sexan de persoal que participase nas actividades obxecto deste convenio, deberán presentar as nóminas e os comprobantes do seu pagamento, así como, unha memoria xustificativa de adscrición deste persoal aos traballos de elaboración e publicación do Informe GEM.
- 3º Xustificación dos pagamentos: transferencia bancaria, certificación bancaria orixinal ou extracto de pagamento. Non se admitirán os pagamentos en efectivo.



- 4º Cando o importe do gasto atendible supere a contía de 15.000€ + IVE, as tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo, agás que polas especiais características dos gastos atendibles non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten, ou agás que o gasto se realizase con anterioridade á sinatura do presente convenio (circunstancia que se acreditará mediante facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, acompañado da documentación de acreditación do pagamento). No suposto mencionado anteriormente, a elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.
- 5º Certificacións expedidas polas respectivas administracións públicas, que acrediten que se está ao corrente das obrigas tributarias e da Seguridade Social, así como a acreditación de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración Pública da Comunidade Autónoma ou autorización para que o lgape realice estas consultas polos seus propios medios.
- 6º No caso de estar exento do imposto sobre o valor engadido (IVE), documentación acreditativa da mencionada exención.
- 7º Declaración da titularidade da conta bancaria onde se debe realizar o pagamento.
- 8º Xustificación, no seu caso, doutros ingresos obtidos para financiar a actividade, non podendo superar o 100% do seu custo total.

A USC e FEGAXE responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten.

En todo caso, o lgape, resérvase o dereito de solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa realización das actuacións obxecto do presente convenio, e calquera outra que estime oportuna para a correcta xustificación do gasto e o seu pagamento.

8. A USC e a FEGAXE manterán a disposición do lgape ou de calquera organismo público con capacidade de fiscalización da Comunidade Autónoma de Galicia, tales como Intervención Xeral, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, todos os xustificantes dos gastos e ingresos obtidos a fin dunha verificación in situ, ben por medios propios ou mediante auditor externo. O prazo para a comprobación material de facturas e xustificantes de gasto será de 5 anos desde a finalización do prazo de vixencia do convenio.
9. O IVE correspondente aos custos cubertos pola achega do lgape non quedará cuberto pola mesma cando este sexa recuperable por calquera medio, incluso si non é efectivamente recuperado.
10. A entrega da achega sinalada nesta estipulación, efectuarase por parte do lgape a cada unha das partes segundo segue:

a) Actuacións asumidas pola USC:

- A realización da enquisa á poboación adulta APS pola empresa designada pola rede de equipos rexionais GEM en España. Orzamento máximo: 16.600 euros.
- As tarefas de análise dos datos e redacción do Informe Rexional GEM 2019, incluídos os custos de estrutura (persoal, materiais, instalacións, equipamento), gastos derivados dos desprazamentos ás reunións convocadas por Red Española de Equipos Regionales GEM (custos de desprazamento, dietas e aloxamento), incluíndo tamén os servizos xerais /custos indirectos e organización do acto de presentación pública do Informe (reserva de sala, difusión e invitacións). Orzamento máximo: 11.000€.

b) Actuacións asumidas pola FEGAXE:

- As tarefas de publicación, difusión e presentación pública (vía *streaming*) do Informe Rexional GEM 2019, incluídos os desprazamentos ás reunións e eventos de difusión-presentación do informe que se organicen. Orzamento máximo: 4.000 €.



Para o suposto de que o custo dalgunha das actuacións fose inferior ao previsto, o exceso da achega correspondente á mesma poderá aplicarse, a calquera das outras dúas actuacións. Procederá a minoración da achega concedida cando as actuacións desenvolvidas e xustificadas ao abeiro do presente convenio non acaden os importes dos gastos establecidos, ou ben o financiamento adicional obtido sumado á axuda do Igape exceda os custos xustificadas, e sempre que esta minoración non supoña unha realización deficiente do proxecto.

11. Cada un dos pagos realizarase mediante ingreso na conta bancaria designada ao efecto, unha vez consten efectuadas, e xustificadas na forma establecida, a totalidade das actividades que conforman cada unha das actuacións correspondentes, sen necesidade de que se observe un orde preestablecido na execución das actuacións, e polo tanto na realización dos pagos, por tratarse de actuacións interrelacionadas pero independentes.

QUINTA.- Duración e causas de resolución

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e terá vixencia ata o 30 de decembro de 2020.

As partes poderán denunciar o presente convenio e modificalo por mutuo acordo. A adhesión de novas institucións ou entes a este acordo requirirá o consentimento expreso e por escrito de todas as partes asinantes.

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución. Son causas de resolución:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio.
- b) O acordo unánime de todos os asinantes.
- c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumplidora un requirimento para que cumpra nun prazo de 10 días hábiles coas obrigas ou compromisos que se consideren incumplidos. Este requirimento será comunicado á Comisión de Seguimento do convenio e ás demais partes asinantes. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio.
- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- e) Introducción de modificacións substanciais sen que as mesmas se aceptasen pola Comisión de Seguimento.
- f) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

Se cando conorra calquera das causas de resolución do convenio existen actuacións en curso de execución, as partes, a proposta da Comisión de Seguimento do convenio, poderán acordar a continuación e finalización das actuacións en curso que consideren oportunas, establecendo un prazo improrrogable para a súa finalización, transcorrido o cal deberá realizarse a liquidación das mesmas.

SEXTA.- Comisión de Seguimento

Para facilitar a execución e desenvolvemento así como o seguimento e cumprimento do presente convenio, constituirase unha comisión paritaria integrada por seis membros, designando cada parte dous deles. Esta Comisión actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste convenio. A Comisión constituirase no prazo de 30 días contados desde a sinatura deste convenio.

O funcionamento da Comisión de Seguimento farase ao abeiro do réxime xurídico dos órganos colexiados contido na sección III, co capítulo I do título I (artigos 15 e seguintes) da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.

SÉTIMA.- Publicidade

De conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e o Decreto 126/2006 de 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, o Igape e a Consellería de Economía, Emprego e Industria publicarán no *Diario Oficial de Galicia*, no Portal de transparencia e Goberno aberto e na súa páxina web oficial o importe da prestación económica concedida ao abeiro deste convenio e a entidade destinataria desta, e incluírá igualmente a referida contribución e as sancións que como consecuencia deste puidesen impoñerse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos da entidade e a referida publicidade, así como a súa cesión por parte do Igape aos órganos competentes da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

USC e FEGAXE deberán subministrar toda a información necesaria para que o Igape poida dar cumprimento ás obrigas previstas no Título I da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. As consecuencias do incumprimento desta obriga serán as establecidas no artigo 4.4 da citada lei.

OITAVA.- Modificacións

O presente convenio poderá ser obxecto de modificación cando teña como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. A devandita modificación terá por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

NOVENA.- Protección de datos de carácter persoal

En virtude do disposto no artigo 26 do Regulamento (UE) 2016/679, xeral de protección de datos (RXPd) e na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (BOE nº 294, do 6 de decembro), se calquera das partes accede a datos de carácter persoal contidos en ficheiros titularidade da USC e FEGAXE, adquiren a condición de encargados do tratamento e comprométense a:

- Non utilizar nin tratar datos de carácter persoal con finalidade distinta á execución do convenio, non comunicar os datos baixo ningún concepto a terceiras persoas, nin sequera para a súa conservación e, en especial, non reproducir, nin publicar, nin difundir ningunha información acerca dos datos.
- Garantir o cumprimento das medidas de seguridade establecidas, así como a súa correcta implementación.
- Ao termo da relación, por calquera causa, os datos de carácter persoal aos que tivesen tido acceso as restantes partes, deben ser destruídos ou devolverse á USC e FEGAXE, incluíndo calquera soporte ou documento.

O incumprimento destas obrigas fai responder ás restantes partes das infraccións que cometa coma se ocupase a posición de responsable do tratamento.

O IGAPE responde fronte á USC e FEGAXE do cumprimento destas obrigas polas persoas que na súa representación participen de calquera modo na execución do convenio.

DÉCIMA.- Responsabilidade

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais ou entidades que vaian desenvolver as actuacións obxecto deste convenio e o Igape, de tal xeito que non se poderá esixir a este instituto responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiariamente, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do devandito convenio.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Autorizacións

A USC e FEGAXE consenten expresamente a inclusión dos datos relevantes e persoais deste convenio nos rexistros públicos que proceda, de acordo co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, así como poderá exercer os seus

dereitos de acceso, rectificación cancelación e oposición respecto do contido dos rexistros antes citados, ante a Dirección Xeral do Instituto Galego de Promoción Económica, sito no complexo administrativo de San Iázar s/n, 15707 Santiago de Compostela.

Este consentimento esténdese á autorización para a cesión dos seus datos á entidade financeira na que se aboe o pagamento, ao *Diario Oficial de Galicia* e ás demais cesións previstas na lei.

Tamén comporta a autorización ao Igape para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, no caso de que se deban presentar estes certificados en fase de emenda, logo de que a consulta polo Igape non obtivese resultado favorable.

DÉCIMO SEGUNDA.- Natureza e normativa

O presente convenio ten natureza administrativa quedando fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE, do 26 de febreiro de 2014, de conformidade co seu artigo 6, e para calquera cuestión litixiosa que se derive do mesmo, será de aplicación a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As partes comprométense a resolver de común acordo, ante a Comisión de Seguimento, calquera controversia que puidese suscitarse sobre a interpretación ou execución deste convenio. En caso de conflito as partes acordan o sometemento á Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Para todo o non previsto neste convenio aplicarase o previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, así como na Resolución do 8 de abril de 1991 (DOG nº 82, do 30 de abril) pola que se fai público o acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, en todo o que non contradiga a primeira.

E en proba de conformidade, as partes asinan o presente convenio o 5 de agosto de 2020.

Polo **INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN
ECONÓMICA (IGAPE)**

Juan Manuel Cividanes Roger
DIRECTOR XERAL

Pola **UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE
COMPOSTELA (USC)**

Antonio López Díaz
REITOR

Pola **FEDERACIÓN GALEGA DE XOVES
EMPRESARIOS (FEGAXE)**

Luciano Covelo Fandiño
PRESIDENTE



ANEXO I MEMORIA ECONÓMICA

Constitúe o obxecto xeral do presente convenio entre IGAPE, USC e FEGAXE a colaboración para a realización e execución dos traballos do Proxecto GEM en España a nivel rexional, concretamente en Galicia, durante o ano 2020. Estes traballos son: redacción, edición, presentación pública e difusión do informe rexional edición 2019; enquisa poboación adulta APS durante ano 2020; entrevista a expertos NES durante ano 2020.

Cada un dos participantes do convenio asumirá as actuacións que seguen:

ENTIDADE	ACTUACIÓNS
IGAPE	- Participación na redacción, edición e actos de presentación pública do Informe GEM rexional. - Participación na selección dos posibles colaboradores, en particular daqueles traballos que requiran a colaboración dalgún dos grupos de investigación ou profesionais pertencentes a calquera das universidades galegas. - Achega da cantidade máxima de 31.600 €, que destinará a sufragar os gastos relativos a: - Realización de enquisa á poboación adulta; APS, pola empresa designada pola rede de equipos rexionais GEM en España. Achega: 16.600 €. - Tarefas de análise dos datos, redacción do informe, publicación, difusión e presentación pública do informe rexional GEM 2019, incluídos os desprazamento ás reunións convocadas por Red Española de Equipos Regionales GEM. Achega máxima: 15.000 €.
USC	- Actuar coma interlocutor ante a Red Española de Equipos Regionales GEM e o CISE, que coordina a xestión administrativa do proxecto a nivel español e a edición do informe nacional. Para iso, será a representante rexional ante a rede e coordinará ante o CISE as tarefas de xestión, difusión e presentación pública do mesmo. - Coordinación e elaboración do informe rexional, incluíndo o encargo e abono da enquisa á poboación adulta (APS), a realización das entrevistas aos trinta e seis expertos rexionais (NES), a análise estatística dos datos, e a selección do grupo de investigación que executará a parte técnica do Proxecto GEM na Comunidade Autónoma de Galicia. Estes traballos serán realizados polos seus propios medios ou en colaboración con algunha das universidades galegas. - Organización acto presentación, publicidade do informe e difusión.
FEGAXE	- Colaboración en todas as actuacións correspondentes á parte técnica de redacción do Informe GEM Galicia 2019, así como na selección dos posibles colaboradores. En particular, apoiará á USC na súa interlocución coa Red Española de Equipos Regionales GEM e o CISE, asistindo ás reunións que poida proceder. - Maquetación e edición do Informe e Infografías GEM Galicia 2019; impresión de Infografías GEM Galicia 2019. - Colaboración no acto de presentación pública do Informe, asumindo a gravación/retransmisión por <i>streaming</i> e a contratación dun relator no ámbito do emprendemento.

As achegas máximas previstas para a realización dos traballos obxecto do convenio ascenden á cantidade de trinta mil seiscientos euros (31.600,00 €), cantidade que será abonada polo Igape con cargo aos seus orzamentos para o ano 2020, nos que existe crédito adecuado e suficiente para financiar ata o 100% este convenio, conforme á seguinte partida orzamentaria 09.A1.741A.6402.



Os gastos responden ao seguinte detalle:

TIPO DE GASTO	CUSTO TOTAL (€)
Realización da enquisa á poboación adulta APS pola empresa designada pola rede de equipos rexionais GEM en España	16.600,00
Tarefas de análise dos datos e redacción do informe rexional GEM 2019, asistencia a reunións, publicación, difusión e presentación pública do informe rexional GEM 2019	15.000,00
TOTAL	31.600,00

Estes gastos serán asumidos pola USC e pola FEGAXE segundo segue:

Actuacións asumidas pola USC	ACHEGA MÁXIMA (€)
Realización da enquisa á poboación adulta APS pola empresa designada pola rede de equipos rexionais GEM en España	16.600,00
Análise dos datos e redacción do informe rexional GEM 2019, incluídos custos de estrutura (persoal, materiais, instalacións, equipamento) e os desprazamentos ás reunións convocadas por Red Española de Equipos Regionales GEM	11.000,00
TOTAL	27.600,00

Actuacións asumidas pola FEGAXE	ACHEGA MÁXIMA (€)
Publicación (edición e impresión do informe e infografías), colaboración no acto de difusión e presentación pública do informe rexional GEM 2019, incluídos os desprazamentos ás reunións convocadas por Red Española de Equipos Regionales GEM.	4.000,00
TOTAL	4.000,00

O Igape achega ao convenio un 100% dos gastos xustificados, cun orzamento máximo de 31.600,00 €.

A USC contribúe con gastos propios para o desenvolvemento das distintas obrigas que asumen (persoal, materiais, instalacións, equipamento). Valorándose a dita contribución en 4.861,53 €.

Pola súa parte a FEGAXE contribúe igualmente con gastos de persoal propio para o desenvolvemento das distintas obrigas que asumen (persoal, materiais, instalacións, equipamento). Valorándose a dita contribución en 4.051,28 €.